



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1272/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE AGOSTO DE 2022.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: sesión ordinaria do 4 de agosto de 2022.

#### ALCALDÍA

- 2.- Expediente de contratación do servizo para a coordinación e organización protocolaria de vodas e acollementos civís que se celebran en espazos municipais. Expte. 19077/101.

#### CONTRATACIÓN

- 3.- Dar conta da fusión por absorción de SOLITIUM, S.L. a SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. do contrato de subministro en réxime de arrendamento (renting) dos dispositivos e consumibles de impresión así como o software asociado de xestión do parque. Expte. 9479/113.
- 4.- Adxudicación da contratación do servizo para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares "Visita o teu concello". Expte. 25760/332.

#### DEPORTES

- 5.- Bases e a convocatoria específica de axudas para potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel 2022. Expte. 21700/333.

#### EDUCACIÓN

- 6.- Prórroga do contrato dos servizos auxiliares necesarios para a posta en marcha e apertura da Sala de Lectura-Biblioteca de Navia. Expte. 23976/332.
- 7.- Ampliación de créditos para dietas de representantes municipais para o ano 2022 nos consellos escolares dos centros de ensino público de educación infantil, primaria e secundaria. Expte. 25604/332.

### RECURSOS HUMANOS

- 8.- Proposta de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”. Expte. 36685/220.

### SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 9.- Proxecto de convenio de colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para a realización da programación de artes escénicas da Rede Galega de Teatros e Auditorios no segundo semestre do ano 2022. Expte. 4550/330.
- 10.- Fixación de prezos de venda de entradas da programación de artes escénicas que se realizará no Auditorio municipal entre setembro e novembro de 2022. Expte. 4513/330.
- 11.- Expediente de contratación da subministración de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción nas bibliotecas públicas adscritas á Área de Cultura: Biblioteca Pública “Juan Compañel”. Expte. 16187/331.
- 12.- Expediente de contratación da subministración de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á Rede de Museos Municipais: Verbum e Casa das Artes. Expte. 3173/341.

### SERVIZOS XERAIS

- 13.- Interposición de reclamación económico-administrativa contra as resolucións da Dirección de Augas de Galicia, de 29 de xullo de 2022, polas que se inadmiten os recursos de reposición interpostos polo Concello de Vigo contra as liquidacións practicadas por Augas de Galicia nos procedementos de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 do primeiro e segundo semestre dos anos 2015 e 2016. Expte. 685/441 e 686/441.
- 14.- Rogos e preguntas.



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1272/1102

### DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión **ORDINARIA** na Sala do Pleno de xeito presencial o día **18 de AGOSTO de 2022, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez